

**CONCELLERÍA
DE
LIMPEZA****CONCELLO
DE VIGO**

DOC: 220253538	TIPO DOC: INFORME DE NECESIDADE E IDONEIDADE DE CONTRATO MAIOR
	SOLICITANTE: Limpeza e xestión de residuos (252)

INFORME XUSTIFICATIVO DA CONVENIENCIA E NECESIDADE DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA DE DEPENDENCIAS MUNICIPAIS E OUTRAS INSTALACIÓNS DO CONCELLO DE VIGO.

I. ANTECEDENTES

Na actualidade o servizo de limpeza da casa consistorial e outras dependencias do Concello de Vigo, préstase por adxudicación do contrato do mesmo nome á mercantil URBASER S.A., acordado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo en sesión extraordinaria e urxente de 6 de setembro do 2019 (Exp. 81/441) por un período de catro anos con un máis de prórroga.

O contrato asinouse o día 10 de outubro do 2019 e a prestación iniciouse o día 1 de novembro do 2019, polo que a data de finalización é o día 31 de outubro do 2023. Esta data pode ampliarse en caso de que o órgano de contratación acorde facer efectiva a prórroga disposta no contrato, sendo entón a data de finalización definitiva o día 31 de outubro do 2024.

Este contrato polo tanto atópase actualmente en vigor, pero dado que remata o 31 de outubro do 2023, e considerando os tempos de tramitación que o área de Contratación refire como necesarios (un ano para contratos maiores de regulación harmonizada), resulta necesario iniciar o procedemento de contratación do servizo de limpeza da casa do Concello e outras dependencias municipais que agora se atenden.

II. NECESIDADE E IDONEIDADE COA QUE SE PRETENDE DAR SATISFACCIÓN ÓS ARTIGOS 1, 28 E 116 DA LCSP

1. Necesidade.

En cumprimento do artigo 28 da Lei 9/2017, de 8 novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, (LCSP), deberán determinarse con

Informe



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/08/2024 09:33	Páxina 1 de 4
8173-252	CSV: A8AA52-3843CC-C752AA-KFV3XK-4F836S-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



DOC: 220253538	TIPO DOC: INFORME DE NECESIDADE E IDONEIDADE DE CONTRATO MAIOR
	SOLICITANTE: Limpeza e xestión de residuos (252)

precisión a natureza e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato proxectado.

Na presente contratación a necesidade ven xustificada polo feito de que na utilización diaria e cotián das diferentes dependencias municipais por parte do persoal ao servizo desta administración, así como doutros usuarios, faise necesaria a limpeza periódica dos locais e do seu mobiliario. Esta limpeza programada debe garantir as condicións mínimas de hixiene e salubridade, necesarias para o correcto desenvolvemento dos traballos e servizos prestados.

Con este contrato satisfaranse estas necesidades de limpeza, cumpríndose coas estipulacións de saúde e hixiene laboral imposta pola lexislación vixente. Estímase que a necesidade á que se pretende dar satisfacción mediante as devanditas prestacións e a súa relación co obxecto do contrato é directa, clara e proporcional polos motivos expostos.

2. Idoneidade.

Á vista dos antecedentes expostos considérase o obxecto e contido do contrato idóneo para satisfacer as necesidades que pretenden cubrirse. O desenvolvemento das labores de limpeza da Casa Consistorial do Concello de Vigo e dos locais nos que se desenvolven actividades municipais resulta imprescindible para o correcto funcionamento destes, polo que faise necesario proceder a súa contratación, xa que o Concello de Vigo, non conta con recursos propios e adecuados para a execución deste servizo, dado que o mesmo demanda unha esixencia de persoal, que non pode ser executado directamente pola propia estrutura municipal.

III. RÉXIME XURÍDICO E CUALIFICACIÓN DO CONTRATO

No referente á cualificación do contrato, polo seu obxecto, constitúe un contrato de servizos segundo o previsto no artigo 17 da LCSP.

Informe



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/08/2024 09:33	Páxina 2 de 4
8173-252	CSV: A8AA52-3843CC-C752AA-KFV3XK-4F836S-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

**CONCELLERÍA
DE
LIMPEZA**

**CONCELLO
DE VIGO**



DOC: 220253538	TIPO DOC: INFORME DE NECESIDADE E IDONEIDADE DE CONTRATO MAIOR
	SOLICITANTE: Limpeza e xestión de residuos (252)

De conformidade co establecido no artigo 19.1 e 21.1.b) LCSP, segundo a Orden HFP/1298/2017, de 26 de decembro, o presente contrato ten a consideración de contrato suxeito a regulación harmonizada polo seu obxecto e cualificación en relación co valor estimado, calculado conforme ás regras establecidas no artigo 101 e o carácter da entidade contratante.

IV.- FINALIDADE INSTITUCIONAL E COMPETENCIAS MUNICIPAIS

A finalidade a satisfacer pola administración municipal con este contrato é o desenvolvemento do servizo de limpeza da Casa Consistorial e do resto de dependencias do Concello de Vigo. Este servizo está vinculado ao exercicio das competencias municipais propias previstas no art. 25.2. da Lei 7/1985 Reguladoras das bases de Réxime Local, na redacción dada pola Lei 27/2013, e co artigo 80 da Lei 5/1997, de 22 de xullo reguladora da Administración local de Galicia. Trátase dun servizo imprescindible para a adecuada utilización das dependencias onde se desenvolven os diferentes servizos contemplados como competencias propias da administración municipal.

V. CONCLUSIÓN

Por todo o exposto queda suficientemente xustificada a conveniencia e idoneidade da contratación da prestación do **SERVIZO DE LIMPEZA DAS DEPENDENCIAS MUNICIPAIS E OUTRAS INSTALACIÓNS DO CONCELLO DE VIGO.**

Vigo na data da sinatura dixital,

O Xefe do servizo de limpeza e xestión de residuos, Benjamín Collazo Rodríguez

DECRETO

Informe



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/08/2024 09:33	Páxina 3 de 4
8173-252	CSV: A8AA52-3843CC-C752AA-KFV3XK-4F836S-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

CONCELLERÍA
DE
LIMPEZA

CONCELLO
DE VIGO



DOC:	220253538	TIPO DOC:	INFORME DE NECESIDADE E IDONEIDADE DE CONTRATO MAIOR
		SOLICITANTE:	Limpeza e xestión de residuos (252)

Á vista do informe xustificativo da necesidade e idoneidade, no uso das competencias que me atribúe a vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/85, Disposición adicional 2ª.4 da LCSP, Decreto de Delegación de Alcaldía de 18 de xuño de 2019, Acordo da Xunta de Goberno Local de 20 de xuño de 2019,

RESOLVO: “Iniciar o expediente para a contratación da prestación do **SERVIZO DE LIMPEZA DAS DEPENDENCIAS MUNICIPAIS E OUTRAS INSTALACIÓNS DO CONCELLO DE VIGO.**

Vigo, na data da sinatura electrónica,

O segundo Tenente de Alcalde e Concelleiro Delegado da Área de Fomento e servizos.- Francisco Javier Pardo Espiñeira.

Dou fe, A Secretaría de administración municipal.- Susana Gallardo Fariña

Informe



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/08/2024 09:33	Páxina 4 de 4
8173-252	CSV: A8AA52-3843CC-C752AA-KFV3XK-4F836S-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		